

# BANDO

CARLOS VIEITEZ FERNANDEZ, ALCALDE-PRESIDENTE DO  
CONCELLO DE MEAÑO (PONTEVEDRA)

## FAGO SABER:

Que, segundo comunicación remitida pola **Xerencia Territorial do Catastro de Pontevedra**, estanse a realizar no **termo municipal os traballos catastrais de obtención de fotografías de fachadas de edificacións**.

Estas actuacións, enmarcadas dentro dos traballos de actualización e mantemento da información catastral da Dirección Xeral do Catastro, prevén a realización de aproximadamente 3.100 fotografías no municipio.

Infórmase á veciñanza de que o persoal encargado dos devanditos traballos estará **debidamente acreditado**, portando unha certificación oficial expedida pola Dirección Xeral do Catastro, na que constarán:

- Identificación do traballador, con fotografía e DNI.
- Empresa á que pertence.
- Ámbito de actuación autorizado.

Así mesmo, devandito persoal deberá levar a acreditación visible en todo momento e exhibir o seu DNI se fose requirido polas autoridades competentes.

**O obxectivo desta comunicación é informar previamente á cidadanía e evitar posibles incidencias ou confusións durante o desenvolvemento dos traballos na vía pública.**

**Para calquera aclaración adicional**, as persoas interesadas poderán dirixirse á **Xerencia Territorial do Catastro de Pontevedra**.

*Documento datado e asinado dixitalmente*

